

**Comisión de Divulgación do CITMAga****Acta da reunión ordinaria celebrada o 3 de abril de 2024****Membros presentes:**

Dna. Marta Pérez Rodríguez  
D. Miguel Picos Maiztegui  
Dna. Laura López Paz  
D. Miguel Brozos Vázquez

**Orde do día**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informes do presidente.
3. I Concurso PIMAgA.
4. Organización da xestión do grupo de traballo de divulgación matemática do CITMAga.
5. Calendario de actividades.
6. Rolda aberta de intervencións.

Iníciase a sesión ás 11:00 horas do día 3 de abril de 2024, baixo a presidencia de Miguel Brozos, de forma virtual a través de MS Teams e actuando como secretaria Laura López Paz.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.**

Apróbase a acta da reunión anterior da Comisión de Divulgación do CITMAga.

**2. Informes do presidente.**

- Valoración positiva do *Obradoiro de Divulgación Matemática: Moito máis que números* (14/03 | Teams).
- Seguimos en contacto con diferentes asociacións de divulgación científica.

**3. I Concurso PIMAgA.**

- Deseño do protocolo de valoración das propostas recibidas.
- Prefixouse unha reunión de seguimento do I Concurso PIMAgA na que se valorarán as propostas recibidas e os premios a entregar.

**4. Organización da xestión do grupo de traballo de divulgación matemática do CITMAga.**

A partir do *Obradoiro de Divulgación Matemática: Moito máis que números* (14/03 | Teams) creouse un grupo de traballo de divulgación matemática do CITMAga. Entre outras cuestións, neste grupo traballaremos:

- A preparación de materiais para obradoiros.
- A organización do traballo entre os participantes do grupo.
- A difusión das actividades propias dos obradoiros para seguir despertando a implicación de máis persoas participantes no grupo.

**5. Calendario de actividades.**

Dende a Comisión de Divulgación do CITMAga valórase participar en PONTECIENCIA 2024 (Pontevedra, 03-04/05-2024). Neste sentido, traballaremos en:

- Organización do persoal investigador participante en Ponteciencia 2024.
- Creación de carteleira e materiais específicos para Ponteciencia 2024.

**6. Rolda aberta de intervencións.**

Día da muller matemática (12/05) | Valoramos facer unha campaña de visibilidade das mulleres matemáticas do CITMAga nas redes sociais do Centro.

**Acordos adoptados:**

- Posta en marcha do grupo de traballo de divulgación matemática do CITMAga.
- Posta en marcha da fase de revisión das propostas recibidas no I Concurso PIMAgA.
- Seguimento do calendario de actividades de divulgación científica que se levarán a cabo nas vindeiras semanas.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:25 horas, do que como secretaria dou fe, e asino a presente acta.

Laura López Paz  
Secretaria da Comisión de Divulgación de CITMAga